

Orde do 1 de agosto de 1997 pola que se dictan instrucións para o desenvolvemento do Decreto 324/1996 polo que se aproba o Regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria e se establece a súa organización e funcionamento.

(DOG do 2 de setembro de 1997)

Horario dos profesores

76. Os horarios individuais de cada profesor forman parte do documento de organización do centro (DOC).

77. A xornada laboral dos funcionarios docentes será a establecida con carácter xeral para os funcionarios públicos adecuada de acordo co disposto na orde da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria do 1 de setembro de 1987 (DOG do 11).

78. O profesorado deberá incorporarse ós centros o 1 de setembro, e cumpri-la xornada establecida na orde citada no punto anterior desde esa data ata o 30 de xuño. Comezadas as actividades lectivas e ata o seu remate, o horario semanal distribuirase de acordo co previsto na dita orde e coas especificacións recollidas nos puntos seguintes.

79. O horario semanal individual de cada profesor deberá incluír e concreta-los períodos lectivos (de docencia directa con alumnos) e as correspondentes horas complementarias fixas, que terán o carácter de lectivas para os efectos de faltas de asistencia e permisos.

As horas complementarias fixas distribuiranse do seguinte xeito: unha hora de tutoría de atención ós alumnos, unha hora de tutoría de atención ós pais, unha hora (como mínimo) de dedicación ó seminario, e de cero a dous períodos de garda (segundo o número de períodos de docencia directa de cadaquén, de tal xeito que o número destes máis os de garda sumen en total vinte).

Como norma xeral un profesor non poderá impartir máis dunha disciplina afín. Para estes efectos enténdese como disciplina afín as áreas, materias ou módulos profesionais non incluídos no departamento didáctico ó que pertence o profesor.

Como norma xeral, no caso de profesores que impartan unha disciplina afín, o número de períodos lectivos semanais non poderá ser superior a 18.

Os desdobramentos de grupos de alumnos previstos no punto 71 destas instrucións serán computados, para tódolos efectos, como períodos lectivos ós profesores que os impartan.

80. As restantes horas complementarias, ata completa-las trinta de dedicación ó instituto, seranlle computadas mensualmente a cada profesor polo xefe de estudos por:

- a) Asistencia a reunións de claustro.
- b) Asistencia a sesións de avaliación.
- c) Preparación de prácticas de laboratorio, taller e semellantes.
- d) Actividades de coordinación pedagóxica.
- e) Actividades complementarias cos alumnos, non recollidas no seu horario semanal, e actividades extraescolares.
- f) Tutoría de profesores en prácticas (dúas horas á semana durante o período de prácticas).
- g) Traballo en equipos docentes de proxectos institucionais nos que participe o instituto.
- h) Asistencia a actividades de formación programadas pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.
- i) Outras actividades relacionadas coa actividade do centro (seguimento de prácticas en empresas, entrevistas e reunións con organismos ou axentes externos, etc...) establecidas na programación xeral do centro, ou que o director estime oportunas.

As horas de asistencia a claustros e reunións de avaliación son de asistencia obrigatoria, tendo para efectos de faltas de asistencia e permisos a mesma consideración que as horas lectivas.

81. A permanencia mínima dun profesor no instituto, computada no seu horario semanal, non poderá ser menor de tres horas diarias de luns a venres.

82. O número de períodos lectivos diarios impartidos por un profesor estará comprendido entre un mínimo de dous e un máximo de cinco. No caso de ensinanzas de formación profesional específica, o máximo poderá chegar ós seis períodos diarios.

83. Cando un profesor non teña horario completo aplicarase o disposto nos puntos sétimo e oitavo da citada Orde do 1 de setembro de 1987.

Se o profesor opta por completa-lo seu horario noutro centro, a dita circunstancia será comunicada polo interesado á dirección do seu centro de referencia, para que poida ser tida en conta polos xefes de estudos de ámbolos dous centros no momento de confecciona-los horarios. Neste caso, como norma xeral, o número de períodos lectivos semanais non poderá ser superior a dezaioito e o número de horas complementarias será de seis, das que catro terán carácter de fixas. As horas complementarias repartiranse proporcionalmente ó número de horas lectivas que o profesor imparte en cada centro. Non obstante o anterior, para tódolos efectos o dito profesor forma parte unicamente do claustro de profesores do centro de orixe.

84. En virtude do establecido no punto cuarto da citada Orde do 1 de setembro de 1987, os profesores con responsabilidades directivas ou de coordinación docente terán, como máximo, segundo as disponibilidades de profesorado do centro, as reducións horarias semanais que se indican a continuación.

-En institutos tipo A: directores, xefes de estudio, secretarios ata catorce períodos lectivos.

-En institutos tipo B: directores, xefes de estudio, secretarios ata doce períodos lectivos.

-En institutos tipo C e tipo D de 301 alumnos ou máis: directores, xefes de estudio, secretarios ata nove períodos lectivos.

-En institutos tipo D de 300 alumnos ou menos e centros de tipo E: directores, xefes de estudio, secretarios ata seis períodos lectivos.

Cando exista vicedirector terá unha redución máxima, segundo as disponibilidades de profesorado do centro, de ata seis períodos lectivos no caso de institutos dos tipos A, B e C. No caso de centros de tipo D e E a redución será de tres períodos lectivos.

Os xefes de departamentos didácticos e de familia profesional previstos no Regulamento orgánico de institutos de secundaria terán unha redución de ata tres períodos lectivos como máximo. O anterior non será de aplicación para os xefes de departamentos unipersoais, que poderán reducir como máximo un período lectivo por ese concepto.

O coordinador do equipo de normalización lingüística poderá ter unha redución de ata tres períodos lectivos como máximo.

O profesor encargado do servizo de biblioteca e de documentación destinará tódalas horas complementarias, excepto a de reunión de seminario, para tal fin. En consecuencia non se lle asignará ningún grupo de tutoría nin horas de garda fóra da biblioteca.

Os representantes dos profesores no consello escolar computaráselles dúas horas complementarias fixas por tal motivo; para iso, sempre que as disponibilidades do centro o permitan, non se lle asignará ningún grupo de tutoría. En caso contrario as dúas horas descontaranse das outras complementarias, segundo as prioridades que estableza a dirección do centro en función das necesidades.

O coordinador de formación en centros de traballo, cando exista, terá unha redución de ata tres períodos lectivos como máximo.

Os titores dos ciclos formativos de formación profesional terán unha redución de ata tres períodos lectivos como máximo.

Os outros órganos de coordinación docente propios da formación profesional específica terán as reducións que se establezan nas correspondentes ordes que desenvolven o dito tipo de ensinanzas.

85. Nos horarios individuais dos profesores con dereito a redución deben figurar, o mesmo número de horas que nos horarios individuais do resto dos profesores. Sempre que as disponibilidades do profesorado do centro o permitan estes profesores dedicarán as horas complementarias a realiza-las tarefas da súa responsabilidade. De non ser posible o director determinará as prioridades de atención das necesidades do centro, distribuindo as horas complementarias necesarias de forma equilibrada, primeiro, entre os xefes de departamentos didácticos incluíndo, se é o caso, o coordinador de formación en centro de traballo e os titores de ciclos formativos e despois entre os propios membros do equipo directivo.

86. Cando un profesor desempeñe máis dun cargo impartirá o horario lectivo correspondente ó cargo de maior redución horaria.

87. Os profesores de relixión que non teñan polo menos 16 períodos lectivos percibirán as súas retribucións por horas.

Elección de horarios

88. Na primeira semana de setembro ou, de se-lo caso, dentro das 48 horas seguintes á finalización do prazo extraordinario de matrícula, o director convocará o primeiro claustro do curso no que se aprobarán os criterios pedagóxicos para a elaboración dos horarios dos alumnos, en cumprimento do establecido no artigo 47.f) do Regulamento orgánico do institutos de educación secundaria. No mesmo claustro o xefe de estudos comunicarlles ós xefes dos departamentos o número de grupos de alumnos que corresponde a cada área e materia.

89. Inmediatamente despois do citado claustro reuniranse os distintos departamentos en sesión extraordinaria para distribuí-las áreas, materias, cursos e, se é o caso, quendas entre os seus membros de acordo cos criterios establecidos no punto 91 destas instrucións. De tódalas circunstancias e acordos que se produzan na dita reunión levantarase acta que será firmada por tódolos membros que constitúan nese momento cada departamento. Ó final da reunión cada departamento entregará copia da acta ó xefe de estudos.

90. Á vista da distribución de cursos, materias e áreas feita por cada departamento o xefe de estudos, coa axuda do resto do equipo directivo, procederá a elabora-los horarios dos alumnos e profesores, respectando os criterios pedagóxicos establecidos polo claustro e os recollidos nestas instrucións.

91. Dentro do departamento o criterio básico para a distribución de grupos será a atención ás necesidades pedagóxicas do alumnado. Con esa premisa de partida é conveniente que a elección de grupos se realice con criterios de equidade e mutuo acordo. No caso extremo de non darse este acordo a elección realizarase da seguinte forma:

a) Naqueles institutos nos que se impartan ensinanzas ós alumnos en dúas ou máis quendas, os profesores de cada un dos departamentos acordarán en que quenda desenvolverán a súa actividade lectiva. No suposto de que algún profesor non poida cumpri-lo seu horario na quenda correspondente, deberá completa-lo noutra; neste caso ámbalas quendas serán consecutivas, se no instituto houbera máis de dúas. Se os profesores do departamento non chegaran a un acordo, procederase á elección de quenda na orde establecida no punto 92 destas instrucións.

b) Unha vez distribuídas as quendas, os profesores irán elixindo, en sucesivas roldas e na mesma orde de prelación que se utilizou para elixi-la quenda, un grupo de alumnos da área/materia e curso que desexen impartir ata completa-lo horario lectivo dos membros do departamento ou ata que se rematen as horas lectivas asignadas ó departamento.

c) No caso de que houbera máis horas lectivas asignadas ó departamento que as que poden cubri-los horarios lectivos dos seus membros, antes de proceder á elección de grupos de alumnos, determinarase que áreas/materias ou cursos van ser impartidos, ben por profesores interinos, ben por outros profesores como afíns, co fin de que non entren na citada elección. A este respecto débese ter en conta que un profesor especialista non poderá elixir cursos inferiores se quedasen os superiores para profesores de afíns ou para profesores interinos.

d) Ningún profesor poderá elixir horario de disciplinas afíns en canto non estean totalmente cubertas tódalas horas do seu propio departamento.

e) Os mestres terán prioridade para impartir docencia no primeiro ciclo da educación secundaria obrigatoria.

92. Cando sexa o caso, **a orde de elección será a seguinte :**

a) Profesores de ensinanza secundaria coa condición de catedrático no suposto de que accedesen á praza con anterioridade á entrada en vigor da Lei 1/1990, do 3 de outubro.

b) Maior tempo de servizos efectivos como funcionario de carreira do corpo ó que pertenza cada funcionario.

c) Maior antigüidade ininterrompida como definitivo no instituto.

d) Ano máis antigo de ingreso no corpo.

e) Condición de catedrático.

93. A elección dos horarios correspondentes ós ciclos formativos de formación profesional específica farase de acordo co que en cada momento se estableza nas disposicións que desenvolvan o dito tipo de ensinanzas.

Complementariamente ó anterior, cando se produzan situacións de empate no caso de módulos asignados a profesores de secundaria a orde de elección será a establecida no punto anterior.

Así mesmo, cando se produzan situacións de empate no caso de módulos asignados a profesores técnicos de formación profesional a orde de elección será a seguinte:

a) Maior tempo de servizos efectivos como funcionario de carreira do corpo de profesores técnicos de formación profesional.

b) Maior antigüidade ininterrompida como definitivo no instituto.

c) Ano máis antigo de ingreso no corpo.

Aprobación dos horarios

94. A aprobación provisional dos horarios de profesores corresponde ó director do instituto.

A aprobación definitiva corresponde á inspección de educación.

A inspección educativa resolverá no prazo de 20 días a partir da recepción dos horarios e, se é o caso, propondrá ó delegado provincial a adopción das medidas oportunas. Contra a resolución da inspección poderase interpor recurso ordinario, no prazo dun mes ante o delegado provincial, que porá fin a vía administrativa. A interposición de recurso non paraliza a execución da resolución dictada pola inspección.

Cumprimento do horario por parte do profesorado

102. O control do incumprimento do horario e da asistencia dos profesores corresponde ó xefe de estudos. O control de asistencia do profesorado será asumido polo administrador nos centros onde exista ese cargo. Para esta tarefa tanto o xefe de estudos como, se é o caso, o administrador contarán coa colaboración dos profesores de garda.

103. Os directores dos institutos deberán enviar á inspección de educación e publicar no taboleiro de anuncios da sala de profesores, antes do 5 de cada mes, os partes de faltas relativos ó mes anterior. Nos modelos que para tal efecto confeccione a inspección de educación incluíranse as ausencias ou faltas de puntualidade de acordo co horario persoal do interesado en cada caso, con independencia de que estea ou non xustificada a ausencia. Os xustificantes e as solicitudes debidamente cubertas e asinadas polos profesores correspondentes quedarán no centro á disposición da inspección de educación.

104. Sen prexuízo do establecido nos apartados anteriores, tódalas faltas de asistencia ou puntualidade non xustificadas seránlle comunicadas polo director do centro, no prazo de sete días de produciéndose, á delegación provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, co fin de proceder á oportuna dedución de haberes, logo de audiencia do interesado, ou, se fora o caso, para iniciar a tramitación do oportuno expediente. Da dita comunicación darase conta por escrito simultaneamente ó interesado.

105. Cando o servizo de inspección constata calquera incumprimento por parte do equipo directivo, ou de calquera dos seus membros, das responsabilidades que as presentes instrucións lles confiren no control de asistencia do profesorado, sexa por non enviar-lo parte de faltas, facelo fóra de prazo, ou por non realiza-las notificacións consecuentes ás que se refiren os puntos anteriores, comunicarllo ó delegado provincial para que este actúe en consecuencia.

Profesores de garda

106. En tódolos institutos de secundaria haberá sempre, durante a xornada escolar, un ou máis profesores de garda, segundo as necesidades de cada momento e as dispoñibilidades do centro, que terán como funcións:

a) Atender a tódolos alumnos que queden libres por ausencia do respectivo profesor, de acordo co establecido no regulamento de réxime interior ou, no seu defecto, segundo os acordos adoptados polo consello escolar.

b) Velar pola orde e bo funcionamento do instituto, especialmente nos corredores, á entrada e saída das clases.

c) Rexistrar no libro de gardas as ausencias e faltas de puntualidade dos profesores e calquera outra incidencia que se teña producido.

d) Resolver no acto cantas incidencias de alumnos se produzan durante a xornada lectiva, ben informando inmediatamente a calquera dos membros do equipo directivo presentes nese momento no

centro, ben, en ausencia destes, adoptando as medidas que estime máis oportunas, axustándose, de habelas, ás directrices recollidas no regulamento de réxime interno ou ás aprobadas polo consello escolar.

e) Cantas outras se recollan no regulamento de réxime interno ou, no seu defecto, lle encomende a dirección do instituto.

107. Tamén será función dos profesores de garda a tutela dos alumnos de educación secundaria obrigatoria durante os períodos de lecer. Para tal fin a dirección do centro destinará os profesores que estime necesarios, de acordo coas dispoñibilidades do centro, preferentemente profesores que impartan clase nesa etapa.

108. O libro de gardas, no que se recollerán as faltas de asistencia e de puntualidade do profesorado xunto coas posibles incidencias que poidan xurdir, terá tódalas súas follas seladas e numeradas e estará a disposición da comunidade educativa.